




NÓS

Xornal SUPLEMENTO DE CULTURA

7 DE FEBREIRO DE 2009. NÚMERO 9



Sonia Daponte

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

“O xenio individual
é un mito romántico”

ENTREVISTA A XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

“Todo pode ser internacionalizado menos a literatura”

Polémico, radical, apaixonado, contraditorio, patriota, loitador. Logo dunha vida dedicado á literatura e á política, dúas acepcións indisociábeis do mesmo fenómeno , a Xosé Luís Méndez Ferrín perségueno os adxectivos. POR IAGO MARTÍNEZ FOTOS SONIA DAPONTE

TEN MÁIS EXPERIENCIA como homenaxeante que como homenaxeado, e case que lle presta máis facer entrevistas que deixarse interrogar. Estes días, porén, a Xosé Luís Méndez Ferrín tocoulle cambiar de hábitos. O interese que non chegan a provocar as presentacións dos seus libros, malia a tratarse dun dos autores máis sólidos da literatura galega contemporánea, para a que naceu en 1957 cos poemas de *Voce na néboa*, despertouno estes días a homenaxe que lle organizaron onte en Vigo, a súa cidade adoptiva, algúns editores e os seus colaboradores n’A *Trabe de Ouro*, a revista de pensamento que fundou hai dez anos.

Confesaba un día Chus Pato que ás veces lle pesa saberse nai literaria. Acóntecelle o mesmo? Recoñezo en min voces que son anteriores ou contemporáneas, non necesariamente de persoas máis vellas, senón tamén máis novas, e do mesmo xeito noto que algunhas das miñas propostas literarias teñen eco e continúan noutros. A literatura é unha cadea. A galega, como calquera outra literatura nacional, é un sistema. Unha rede. Todo pende de todo. Os autores, aínda que non o saiban, escriben sobre outra literatura, anterior ou contemporánea, e non só sobre a realidade. E o lector igual. O lector sempre le sobre outras lecturas anteriores. É como no cine. Cando vemos unha película estamos inconscientemente poñendo en conexión a nosa mirada e o que vemos con outras películas anteriores. E por iso falamos de sistemas literarios ou artísticos, de sistemas culturais.

Entón existe o sistema literario galego, non é unha ilusión? Pois si, para dor de moitos existe o sistema literario galego.

Hai autores que publican en editoras galegas, que reciben premios en Galicia, que participan en mesas redondas e imparten conferencias, que mesmo dan aulas nas universidades, e que porén non acreditan que tal cousa exista. Non sei quen pode dicir tal, pero o sistema literario galego aparece xa evidente e plenamente configurado nos cancioneros, ou cando no século XIX Curros Enríquez, n’O divino sainete, pon en conexión a Rosalía con Pondal e Lamas Carbajal e os

“O ESCRITOR COMO INDIVIDUO CREADOR EN ESTADO PURO, O XENIO INDIVIDUAL, É UN MITO ROMÁNTICO”

“NOS ANOS 50 FIXEN A CONTA E SÓ HABÍA TRES ESCRITORES, EN GALEGO OU EN CASTELÁN, NACIDOS EN VIGO”

defronta a Emilia Pardo Bazán. Está dicindo: aquí hai un sistema e hai quen non está no sistema. Agora haberá quen diga que non o hai e que polo tanto non hai unha nación galega, e que o que se escribe en galego é unha forma dialectal da literatura española, un subsistema do sistema español. Mentalidade colonial.

Non se está a defender ao mesmo tempo unha imaxe falsamente inxenua do autor? O escritor, xenio individual... Iso non existe! O xenio individual prodúcese sempre en conexión cos demais e coa súa época. Non

hai o individuo creador en estado puro. Iso é un mito romántico.

Como se explica a centralidade dun autor ou dunha autora? Pois non se explica, é unha cousa misteriosa. Que é Rosalía de Castro para vostede? Pois como para moitas persoas que non leron a súa obra é o centro do sistema literario galego, o centro da literatura nacional galega, e máis que iso: é o emblema da patria. Hai outros escritores, pero só Rosalía ocupa o centro, e así foi durante todo o século XIX e durante todo o XX. Por que esta escolla? Porque acertou a converterse en espello da nación. Sen buscalo, supoño.

Pero son outros os que acertan a construír ese espello. Son outros pero escollen ese espello e non outro. Por que hai consenso con Rosalía?

Por que? Non o imos resolver agora porque non o sabemos. Por que a literatura galega é a única no mundo que ten como figura central unha muller? Non subalterna ou complementaria, senón central.

Tamén hai críticos prestixiosos a nivel estatal que non cren nas literaturas nacionais. Pois entón non hai literatura inglesa nin hai Shakespeare. As crenzas son libres. Hai xente que cre que non houbo Holocausto, pero si que o houbo e si que hai literaturas nacionais. A literatura nacional é aquilo que se expresa nunha lingua nacional. Non hai unha lingua internacional. Todo pode ser internacionalizado menos unha literatura.

Que se quere dicir en realidade cando se fala de “normalizar” a literatura galega? Ao mellor é un eufemismo



Méndez Ferrín recibiu onte en Vigo unha homenaxe no auditorio do Centro Social Caixanova de

e quere dicir que Galicia ten que ser unha nación e ter un estado propio, unha república política independente. Se iso é normalizar, pois será que a literatura galega ten que ser a literatura dun país independente. Agora é unha literatura dun país sen estado. Non está normalizada.

“Cidade estrépito”, di de Vigo en *Estirpe*. Como é esa cidade? Unha cidade desordenada, mal planificada, hoxe menos estrepitosa do que foi, porque desapareceron os tubarros das motos dos rapaces. Foi unha cidade insoportable. Paseando pola Quinta Avenida de Nova York, que silencio comparado co ruído das motos nas Camelias! Vigo e a súa área, porque Vigo hai que entendela como un hinterland que chega até Portugal, até o Miño, a antiga Terra de Turonio, é o porto máis importante de Galicia, a zona con maior concentración industrial e fabril, pero ao mesmo tempo conserva cabalos salvaxes dentro do seu termo municipal e un

curro nos montes do Galiñeiro e un espazo envexado en todo o concello que son as Illas Cíes. Creo que iso contesta á pregunta. Así é Vigo.

E a súa representación literaria? Cando eu empezaba a escribir, na década dos cincuenta, fixen un reconto e só atopei tres escritores, en galego ou en castelán, neste caso en galego, nados en Vigo ou supostamente nados en Vigo: Martín Códax, Ánxel Sevillano e Xosé María Posada Pereira. Non había máis. Os demais eran residentes en Vigo pero procedentes doutros lugares. Agora hai unha grande presenza de escritores vigueses identificados coa súa cidade, e a cidade reflíctese na literatura. Hai libros de narrativa e de poesía, algúns magníficos, como *Vigo*, de Helena de Carlos, *Non vexo Vigo* nin Cangas, de Bernardino Graña, *Fóra do sagrado* de Anxo Angueira... E moitos máis. Vigo é xa un espazo literario, pero un espazo que entra na literatura moi recentemente.



Vigo, no que se presentou *A semente aquecida da palabra*, un libro colectivo sobre a súa obra

RETRATO URXENTE

Un profesor de instituto que escribe

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), doutor en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Honoris Causa pola de Vigo, exerceu a docencia durante 42 anos no instituto vigués de Santa Irene. Profesor que escribe antes que escritor, como lle gusta definirse, é unha figura cimeira da literatura galega e un personaxe central no nacionalismo galego contemporánea. Cofundador do grupo Brais Pinto e da UPG, da que logo se distanciaría drasticamente, transitou a narrativa, a poesía, o teatro e o ensaio. Premio Nacional da Cultura Galega 2008 e membro da Real Academia Galega, é candidato ao Nobel dende 2002 a proposta do Pen Club.

“UN DOS GRANDES MITOS INTERESADOS DA LITERATURA GALEGA É QUE OS ESCRITORES ESTÁN SUBVENCIONADOS”

“EN VINTE E DOUS ANOS DE GOBERNO O PP NON CONSEGUÍU TER UN INTELLECTUAL ORGÁNICO QUE MERECESE A PENA”

Por que?
Pois non o sei. A verdade é que non o sei. Tampouco sei por que Santiago é tan escaso na novela. A cidade máis literaturizada de Galicia é Ourense, a miña cidade natal, cando menos na narrativa.

E será porque a cidade, en si propia, entra en conflito co sustento do discurso nacional?
Todo o contrario. Vigo é o centro das preocupacións nacionalistas de Castelao ou do Grupo Galaxia. O hinterland de Vigo sempre é o favorito do nacionalismo. É dende onde constrúe Valentín Paz Andrade a súa teoría económica de Galicia nos anos cincuenta.

Pervive unha certa mitificación do rural nese imaxinario?
Eu non creo que Galicia teña nada que ver co ruralismo. Se pervive? Nunhas persoas si e noutras non. O ruralismo forma parte dunha tendencia chamada costumismo, e a poesía galega deixou de ser costumista a partir de Manuel Antonio. Boa parte da poesía de Rosalía non ten nada que ver co

ruralismo. Unha parte, si, pero o resto é unha poesía radical do pensamento, unha poesía social. Pondal é absolutamente alleo a isto. A grande poesía de Curros é ideolóxica, a parte máis importante non ten nada que ver cos costumes tradicionais. Todo isto ten que ver, en parte, con que o Partido Carlista en Galicia no século XIX non tivo incidencia sobre o nacionalismo literario. Ningunha. O nacionalismo literario é político, nace coas revolucións liberais e progresistas, nace en 1846. Non ten nada que ver con foros nin tradicións nin relixión ningunha. Por iso a galega é unha literatura fundamentalmente laica.

Máis que escritor, considérase un profesor que escribe.
Si, por iso contesto así. Falo da literatura doutros e non da miña.

Pódense disociar política e literatura en Méndez Ferrín?
Nin no meu caso nin no caso de ninguén. En absoluto. Aqueles que non inclúen unha discrepancia co sistema, xa non

literaria senón económica ou política, é porque están de acordo con el, e polo tanto toman unha posición política. Non existe a asepsia, en ninguén.

Cal é o momento político máis importante de Galicia?
Non hai un momento, todos son importantes. Hoxe estamos nun, hai cen anos estabamos noutro. Foi moi importante cando no ano 412 Hermerico fundou o Reino de Galicia e foi moi importante cando os romanos recoñeceron as peculiaridades galegas e lle chamaron Gallaecia, ou cando Galicia pasou a ser dependente ou cando se rompeu en catro provincias e se fixo desaparecer até o nome da administración pública no século XIX. Tamén foi moi importante 1972, coa insurrección obreira en Ferrol e Vigo, que marcou un antes e un despois, ou os conflitos de Castro de Miño contra o monopolismo de Fenosa e a invasión do Val do Miño, cando cambiou a mentalidade colectiva. Todos os momentos foron importantes, non se pode escoller un. Nós non gañamos ningunha batalla de San Quintín nin tivemos ningunha Xoana de Arco.

Tampouco hai momentos privilexiados na súa biografía política?
Tiven a ocasión de vivir tres momentos que mudaron a conciencia deste país: o 68, non maio, que aquí foi moito antes de maio; Castrelo de Miño, no 64 ou 65; e as loitas obreiras do 72. Aí houbo unha toma de conciencia colectiva e un cambio de elites e subxectividades que probablemente trouxeron a Galicia actual.

Hai vinte anos...
Perdoe, pero tamén foi moi importante a loita guerrilleira durante os anos 40. Sei que foi importantísimo, contribuíu a formarme a min e aos rapaces da miña xeración. O que pasa é que eu iso non o vivín. Non participei.

Hai vinte anos, nunha entrevista, como recolle Fran Alonso en *Un país a medio facer* (Xerais), dixo que o ostracismo é o que lle pasa a un escritor galego cando non é obediente.
Ao que non é obediente non o chaman para ser asesor de ningún concello nin de ningún organismo público. Se es obediente podes ser delegado do Goberno ou ministro. O PP canto tempo gobernou en Galicia, que non me acordo?

Vinte e dous anos.
Pois en vinte e dous anos non conseguíu ter un intelectual orgánico que merecese a pena,

ENTREVISTA A XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

así que a fidelidade tampouco produce escritores [ri].

Fran Alonso preguntaba naquela altura cal debe de ser o papel do intelectual. Depende do que entendamos por intelectual. Se é un rapaz de vinte anos que destaca en física de partículas, sendo galego representará o seu papel en Brighton ou en Xenebra, que é onde están os centros de investigación. Será expulsado, non por ideoloxía senón por pertencer á xeración onde están os mozos e as mozas máis cultas de toda a nosa historia. As nosas mellores mentes teñen que marchar. A empresa galega é pobre de miras, quere que traballen polo bocadillo. Ese é o problema dos intelectuais galegos novos. Se se fala de intelectuais que se dedican ao pensamento, á historia, á filosofía, á lingüística, os que escriben textos literarios, pois a súa función é ser profesores ou xornalistas, que son os traballos que están máis próximos para alguén con vocación literaria.

En 1983 rexeitou o Premio Álvaro Cunqueiro de Literatura, pero o ano pasado aceptou o Premio Nacional da Cultura Galega. Por que? Pois porque aquel o daba o PP e este o concedía un tribunal serio e ben competente. Ademais, a Xunta de Galicia que mo entregou non é do PP.

Os premios... En Galicia non hai premios. Olle para España. Aquí non hai Cervantes, porque o que se pensa é que o Cervantes é para unha lingua grande, e como aquí temos unha lingua pequena non temos un Premio Rosalía de Castro da mesma contía. En Madrid teñen premios nacionais de literatura en todas as modalidades e xéneros,



Méndez Ferrín, retratado nunha rúa de Vigo

pero aquí non. Aquí hai un só, e creouse aínda o ano pasado. Aquí non hai un Premio Reina Sofía de Literatura, que se podía chamar Premio Dona Urraca. Un dos grandes mitos interesados é que os escritores galegos están subvencionados. Eu quería que me subvencionasen algo, pero non hai modo. Manuel Rivas é un autor de éxito máximo porque el o traballou e porque el o conseguiu sen ningún tipo de apoio público, e probablemente coa inimidade diaria do xornal de maior difusión de Galicia. O escritor galego sobrevive, cando é profesional, como Rivas, sen o apoio que recibiría en Francia, en Italia, en Portugal ou en España. En Galicia, é un escritor heroico.

Acabará a UPG reivindicando a figura de Ramón Piñeiro, a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas? Non me meto en cuestións internas da UPG. O único que sei é que acepta a Constitución e a monarquía, así que supoño que probablemente tamén aceptará a Ramón Piñeiro, pero non o sei. Haberá que preguntárllelo a eles.

Cal é a pegada de Piñeiro? É o que nos teñen que explicar agora os piñeiristas. Eu ardo en desexos de saber durante todo este ano o que deixou Piñeiro. Aínda non vin traballos nin estudos serios. Sigo sen saber por que causa e por que tribunal foi preso no ano 47 ou 48. Non se sabe, é un misterio. Sería moi interesante que todo iso saíse á luz e se coñecese algo máis que rexoubas e cartas. Tampouco vin análises da súa obra filosófica.

Talvez as Letras Galegas non sexan o mellor momento. Pois o Día das Letras foi o que sacou á luz acontecementos importantes da nosa historia contemporánea, como cando

se lle dedicou a Roberto Blanco Torres ou ao Padre Sarmiento. Hai persoas que se declaran discípulas e continuadoras de Ramón Piñeiro e este é o seu momento. Que van facer? Repetir o que levan repetindo dende hai tanto tempo? Esa é unha visión tópica. É o momento de falar da súa filosofía, do seu pensamento lingüístico e literario, do seu concepto de literatura galega e da súa actividade política, porque Piñeiro foi ante todo un activista político, un liberado. Non tivo traballo nunca, nada máis que como liberado dun grupo político. Hai que explicar iso, e espero aprender moito.

Que facer co portugués? O portugués hai que deixalo estar. Non temos nada que facer con eles. O problema é se eles queren facer algo connosco. Nunca quixeron.

Como é posíbel que as teses de Galicia Bilingüe teñan eco? As mentiras repetidas moitas veces producen unha verdade, pero só para as persoas que están interesadas politicamente en crela. En Galicia hai unha pequena parte da poboación que é antigalega e quere a destrución do galego. Existiu sempre, e tamén existiu no País Vasco, e moi forte, agora con Rosa Díez e no pasado con Ramiro de Maeztu. É a que representa en Cataluña Albert Boadella, que odia Cataluña e o catalán e milita no odio ás institucións catalanas.

A primeira forza do Parlamento galego apoia estas teses. Son os mesmos. Son eles. O PP é un partido desesperado. Non hai máis que ver ao seu presidente. Núñez Feijóo ten mala cara, e aínda a vai ter peor cando empecen a palidecer coa chuvia, ao día seguinte das eleccións, os carteis electorais. Vai ser terrible. ■

LIBRO DE HOMENAXE

Voces arraianas

Iago Martínez

Cando en marzo de 2006 se constitúe en Vigo a Comisión de Homenaxe a Xosé Luís Méndez Ferrín, empeza a coller corpo algo máis que o acto celebrado onte en Vigo na honra do escritor ourensán. Francisco Fernández Rei, Rosa López, Antón Dobao, Miguel Anxo Seixas, Anxo Angueira, Xosé-Henrique Costas González, Olegario Sotelo, Xabier Vázquez, Manuel Bragado e Xosé María García Crego, os membros daquel grupo

de traballo, empezan a argallar tamén un libro conmemorativo que é ademais un mangado de ensaios, retratos e recordos de Ferrín. O resultado é *A semente da nación soñada*, un volume colectivo publicado por Sotelo Blanco e Xerais e editado a oito mans por Fernández Rei, García Crego, López Fernández e Vázquez López. Os convidados son, dunha banda, os membros do consello de redacción d'*A Trabe de Ouro*, e da outra, persoas

que tiveron relación persoal co autor, ben por seren estudiosos da súa obra ou por teren compartido proxectos políticos ou socioculturais co autor de *Percival e outras historias*. Uns, de Mariano Abalo a Xabier Cordal ou Antonio Gamoneda, entre outros moitos, trazan semblanzas socioliterarias de Ferrín. Outros, caso de María do Cebreiro, Arturo Casas, Anxo Angueira ou Xosé Manuel Beiras, autores e autoras reunidas nun segundo bloco de colaboracións, achegan estudos vencellados directa ou apenas lateralmente co texto ferrinián. Por último, á parte de dúas exhaustivas bibliografías do escritor asinadas por Miguel Anxo Seixas Seoane e Antón

Capelán, e dun apartado heteroxéneo con colaboracións de Antón Figueroa ou Xosé Ramón Barreiro Fernández, completa o volume unha presada de textos literarios de Xosé María Álvarez Cácamo, Cid Cabido, Xosé Fernández Ferreiro, Víctor F. Freixanes, Chus Pato, Xaquín Silva e Manuel Vidal Villaverde. ●



A SEMENTE DA NACIÓN SOÑADA
F. FERNÁNDEZ REI, X. M. GARCÍA CREGO, R. LÓPEZ FERNÁNDEZ E X. VÁZQUEZ LÓPEZ (ED)
Xerais/Sotelo Blanco, 2009